



GUÍA DE CULTURA, SERVICIOS E OCIO EN FERROLTERRA XANEIRO 2024

#199

TEATRO

As fillas bravas de Chévere

NO PAZO DA CULTURA

Silvia Abril

NO PAZO DA CULTURA

Alberto Gracia

A cidade de Ferrol volve ser centro dunha produción audiovisual grazas ao galardado director Alberto Gracia. Pero neste caso a excelente “La Parra”, a película que está desde o día 13 de decembro nos cines Dúplex, ofrece outra cara da cidade menos romántica pero non menos real, adaptada ao estilo do director ferrolán.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Kiko Delgado

Aí. Como estás a vivir a recepción da túa longametraxe “La Parra”?

AG. Desconectado de cifras. Hai a quen lle gusta e a outros, máis pro Netflix, non tanto. Temos un problema estrutural no cinema. Hai a opción de tratar de facer algo artístico e logo o modelo ianqui, no que só o rendible vai para arriba. E a min iso non me interesa demasiado.

Aí. Para quen fas películas?

AG. Para a xente, para todo tipo de xente. Pero como as reciben xa é outra cousa. Para min o primeiro é a obra en si, máis a obra que o público. E logo ir a miña bóla, lento pero verdadeiro aínda que haxa quen vaia lambendo cus e seguro que chega antes, pero cada quen ten as súas prioridades. Aínda así non quero ir de maldito.

Aí. A que directores admiras no mundo do cinema?

AG. A moita xente, cine de autor de calidade desde Kaurismaki ou Buñuel, na película nótase, ata creadores de agora como Óliver Laxe, Albert Serra, Alice Rohrwacher, Gala

Hernández, Carla Simon...

Aí. Na película os personaxes ven a televisión, interésache o medio?

AG. Moi pouco. Só vexo “Pasapalabra”, “First Dates” e partidos de baloncesto. As ideas sácoas das lecturas e do contraste do que a xente pensa das cousas e da miña propia experiencia persoal.

Aí. “La Parra” ábrese cunha cita do escritor Augusto Monterroso: “Hai tres temas: o amor, a morte e as moscas”.

AG. Gustoume por unir o elevado e o que non o parece. O cine pode amosar cousas que a linguaxe non pode, vai máis directo ao corazón. O cine é a linguaxe das

emocións e, se eliminas o raciocinio no espectador, transmites con máis forza.

Aí. Ten moito de autobiográfica?

AG. A



maioría dos nós damos voltas a temas que nos obsesionan, como ten expresado Joan Fontcuberta. No meu caso esta obsesión é a ficción.

AÍ. En “La Parra” o teu Ferrol é o espazo protagonista.

AG. Si, aínda que buscaba algo universal. Pero interesábame Ferrol porque ademais de coñecer a cidade é o paradigma dese sistema en ruínas da vella Europa, racionalista, militarista e industrial.

AÍ. Pero que che aportou a cidade?

AG. Moitas cousas, para empezar os actores, dos que agás tres profesionais o resto nace dun casting popular que fixen aquí. Logo houbo curiosidades como que

rodada nun mes de febreiro eu imaxinaba que algún día chovería, para axudar a darlle un punto escuro á historia. Pois non, fíxonos sol todos os días.

AÍ. E o de centrar a historia nunha popular pensión?

AG. Coñezoa La Parra de sempre. O fillo de Pilar, a dona que sae na película, é amigo de sempre e vía a xente que paraba alí e me fascinaba. Quixen ollar a ese mundo e a eses seres pero espero que con tenrura.

AÍ. Citas aos actores, que están estupendos. Como foi o traballo con eles?

AG. É unha das claves, porque como director aos profesionais tes que controlalos, e aos

comedias. Eu trato de facer dúas películas nunha, e iso hai que estudalo, traballalo moito, e non ter opinión dogmáticas. E outra cousa sobre o estilo, o orzamento dunha película marca o estilo. Nesta é de 300.000 euros, que para unha longametraxe é baratísimo, ninguén a faría por eses cartos. De feito se a próxima non conta con dez veces máis non a fago, prefiro facer eu algo coa miña cámara, cine de autor.

AÍ. Vés do mundo das Belas Artes e rematas no cinema. Como foi esa evolución?

AG. Moi orgánica e lóxica. Pasei da pintura á escultura móbil e de aí a facer curtas e agora longas. Esa evolución creo que aporta unha ollada distinta, como a de todos aqueles que non pasamos por unha escola de cine, algo que ás veces uniforma e homoxeneiza as miradas.

AÍ. Traballas xa no próximo filme?

AG. Nesas ando. Unha película para tempos nos que amar cada vez é máis difícil porque todos estamos obsesionados con nós mesmos e coa imaxe que queremos transmitir ao mundo, aínda que sempre quero deixar un espazo para a esperanza. Só podó dicir que é un proxecto internacional centrado na industria téxtil e que se rodará en boa parte no deserto.

“O CINEMA VAI MÁIS AO CORAZÓN E AMOSA COUSAS QUE A LINGUAXE NON PODE”

amateurs tes que traballar para que interioricen as súas frases. Para min foi o traballo principal.

AÍ. Na película mesturas elementos dramáticos, sinistros incluso, co humor. Conforman estes elementos o teu estilo?

AG. Shakespeare escribía para dous tipos de público, a platea que vía as súas obras como traxedias e unha minoría que as vía como

10/11 venres e sábado

20:30 H / 20:00 H

LAS BODAS DEL FÍGARO

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



A COMPAÑÍA CANARIA “UNA HORA MENOS” ESTREA NA PENÍNSULA ESTA COMEDIA SATÍRICA SOBRE O FRANQUISMO NO 50 CABODANO DA MORTE DO DICTADOR

Curas, empresarios, militares, transformistas e cantantes revolucionarios mesturanse entre plumas e abelorios en Las Palmas de Gran Canaria no ano 1962. Un Capitán Xeneral franquista quere ter unha aventura coa vedette Susana Maninidra, diva do coñecido cabaret Fígaro, mentres a esposa do xeneral dirixe a Sección Feminina.

17/19 v/s/d

18:00 / 20.00 H

SOMOS CRIMINAIS

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

18 €

CARLOS BLANCO E TOURIÑÁN POÑEN FIN A ESTE ESPECTÁCULO CO QUE BATERON RECORDS DE VENDA DE ENTRADAS EN GALICIA.

Falta pouco máis dunha hora para a fin do mundo. En Galicia, unha nave, a Arteixo II, está a piques de despegar cuns poucos elixidos a bordo en dirección a un planeta onde empezarán unha nova vida. Os capitáns da nave, Carlos Blanco e Touriñán, son os encargados de que a evacuación se leve a cabo con éxito e de meter nesta Arca de Noé galega todo o noso patrimonio humano, material e inmaterial máis prezado, para que a nova terra á que emigraremos siga sendo criminal.

Sete días con Leo / Sete días con Lía á venda en librarías



O libro
perfecto para
celebrar o
**Día escolar
pola Paz
2025**

edicións embora



20 venres 20.00 H

UN TRAJE NUEVO PARA EL EMPERADOR

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN) 9,5 €



**PREMIO FETÉN Á
DRAMATURXIA, ESTA PEZA É A
MÁIS DISPARATADA VERSIÓN
DO CONTO DE ANDERSEN.**

A compañía catalana La Pera Limonera expón nesta nova versión do clásico que ás veces as historias dos contos son mentira, pero as mentiras contan moitas verdades.

25 xoves

20:00 H

BANZO

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,5 €



**OS DO FONDO DA BARRA SON UNHA FORMACIÓN DE 12 HOMES
QUE INTERPRETAN CANTARES TRADICIONAIS MASCULINOS
RECOLLIDOS POR TODO O TERRITORIO GALEGO.**

“Banzo” é o nome do último traballo discográfico d’ Os do fondo da barra, un proxecto de música tradicional realizado desde a sensibilidade contemporánea. O espectáculo reúne cantos de taberna, cantos mariñeiros e cantos de acompañamento ao baile que se interpretan con percusión de man, acordeón, gaita, saxofón, tamboril e bombo baixo a dirección de Quique Peón.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo

15402 FERROL - A Coruña

Tels.: 981 074 644 - 698 179 453

e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

26 domingo

19.00 H

LAS ASAMBLEÍSTAS

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

22 €



EL TERRAT E O FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO CLÁSICO DE MÉRIDA ESTREARON EN 2024 ESTA ADAPTACIÓN D'A ASEMBLEA DE MULLERES DE ARISTÓFANES.

A “Asemblea das Mulleres” (un texto de ano 392 a.C.) é unha comedia crítica co sistema político e ás desigualdades entre mulleres e homes que, máis de 2.400 anos despois, segue vixente e está de plena actualidade. A versión de El Terrat –interpretada por Sílvia Abril, Gabriela Flores, Rocío Marín, Maite Sandoval, Maribel Salas e Pepa Zaragoza baixo a dirección de José Troncoso– procura (e consegue) as gargalladas do público desde o comezo da obra. Lideradas por Praxágora (Sílvia Abril), as protagonistas deciden presentarse –vestidas como homes– na asemblea ateniense para conseguir democráticamente cambiar as leis establecidas por outras máis igualitarias. No camiño que leva ao outeiro onde se celebra a asemblea (que deberán percorrer nunha noite) han tropezar con perigos que coñecen de vello.

31 venres

20.30 H

AS FILLAS BRAVAS DE MOMÁN

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9'5 €



AS PROTAGONISTAS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2025 SON AS CANTAREIRAS E A POESÍA POPULAR ORAL. CHÉVERE QUERE CONTRIBUÍR Á FESTA.

As Fillas Bravas é un recital teatralizado que actualiza a vixencia dos valores que as mulleres achegaron á cultura tradicional, creando e transmitindo un tremendo repertorio de creatividade colectiva. As Fillas Bravas son tres mulleres que tocan e cantan o que lles peta como antes fixeron a súa nai e a nai da súa nai. Esta peza é tamén un traballo de investigación sobre a sexualidade, as relacións de xénero e os roles da muller na sociedade tradicional que aparecen reflexados nas coplas do cancionero popular galego.

31 venres

20.30 H

REAL FILHARMONIA

Música

AUDITORIO DE FERROL

16 €

CHLOÉ VAN SOETERSTÈDE DIXIRE Á ORQUESTRA COMPOSTELANA E Á CHELISTA NADÈGE ROCHAT.

Obras de Fanny Mendelssohn, a británica Anna Clyne –que goza en vida de todos os recoñecementos á súa traxectoria– e a Sinfonía núm. 8 de Beethoven compoñen o programa.

PROGRAMACIÓN
2024

ven
pazo

XANEIRO

V **10** 20:30 HORAS

S **11** 20:00 HORAS

TEATRO COMEDIA
UNAHORAMENOS PRODUCCIONES

LAS BODAS DEL FÍGARO

D **12** 18:00 HORAS

INFANTIL
LA PERA LIMONERA

UN TRAJE NUEVO PARA EL EMPERADOR

V **17** 20:30 HORAS

S **18** 18:30 E 20:30 HORAS

TEATRO COMEDIA
AINÉ PRODUCCIONES

SOMOS CRIMINAIS E PUNTO FINAL

S **25** 20:00 HORAS

MÚSICA FOLK
OS DO FONDO DA BARRA

BANZO

D **26** 19:00 HORAS

TEATRO COMEDIA
EL TERRAT

LAS ASAMBLEÍSTAS (LAS QUE TROPIEZAN)

V **31** 20:30 HORAS

TEATRO MUSICAL
GRUPO CHÉVERE

AS FILLAS BRAVAS DE MOMÁN



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón

ESTREA DESTACADA: 1 DE XANEIRO

LA LUZ QUE IMAGINAMOS

Payal Kapadia



NOTAS DA DIRECTORA

O seu filme anterior era político dunha maneira moi directa. Como describiría o seu novo filme?

Con toda seguridade, *La luz que imaginamos* non é político dunha maneira tan directa. No entanto, eu creo que todo é a fin de contas político. O amor na India é extremadamente político. Así que non diría que este filme non o é. Con quen podes casar é algo moi complexo. Está a cuestión da caste, a da relixión... Determinan moito con quen podes pasar a túa vida, e as consecuencias que se deriven diso. O amor imposible, que aquí aparece como un dos temas principais, é un tema moi político.

O filme tamén vai da amizade das mulleres protagonistas.

A amizade entre estas tres mulleres é complexa. Cada unha ten as súas fraquezas, e non sempre son perfectas. Interesábame observar a amizade, unha relación que, realmente, non ten definición. A medida que nos

“O amor imposible, que aquí aparece como un dos temas principais, é un tema moi político”

facemos maiores, os nosos amigos vólvense un sistema de apoio cada vez máis forte, ás veces mesmo máis que a nosa familia. Sinto que isto é especialmente verdade cando un vive lonxe de casa. Quería explorar esta relación no filme.

Como describiría o ser unha muller directora na India de 2024?

Non se se iso me define de

verdade... Na India, o xénero non é a única falta de privilexio que se pode ter. Hai outras interseccións. Eu son unha muller, pero pertenzo a unha caste dominante e a unha clase privilexiada. De modo que hai moitas cousas que a min me resultan máis fáciles que a un home sen as mesmas oportunidades. Facer filmes é difícil para todo o mundo, especialmente cando son filmes independentes pensados para ser seleccionados en festivais. Nesta clase de filmes non hai diñeiro. Non podo estar máis agradecida aos sistemas europeos. Por volver á súa pregunta, o certo é que non me vexo como unha directora que non consiga oportunidades polo seu xénero. O feito é que teño moitas oportunidades grazas aos meus outros privilexios.

Payal Kapadia para Atalante

01 XANEIRO

LA LUZ QUE IMAGINAMOS

Payal Kapadia

2024 | FRANCIA | 118' | HINDI | +12



En Mumbai, a rutina da enfermeira Prabha vese alterada cando recibe un agasallo inesperado do seu marido, do que está distanciada. A súa moza compañeira de cuarto, Anu, tenta en van atopar un lugar na cidade para ter intimidade co seu mozo. Unha viaxe a unha vila costeira permitiralle atopar un espazo para que os seus desexos se manifesten.

Cannes 2024 (Gran Premio do Xurado)

“Unha fermosa oda á amizade feminina e ao amor” Cadena Ser

10 XANEIRO

LAS VIDAS DE SING SING

Greg Kwedar

2024 | EUA | 106' | INGLÉS



Encarcerado no centro de máxima seguridade de Sing Sing por un delito que non cometeu, Divine G. atopa un propósito actuando nun taller de teatro canda outros presos. Unha historia de resiliencia e humanidade sobre o poder transformador da arte.

NBR 2024 (Mellor Guión Adaptado)

“Colman Domingo está xenial nesta carta de amor á vulnerabilidade masculina” Time Out

17 XANEIRO

LA SEMILLA DE LA HIGUERA SAGRADA

Mohammad Rasoulof

2024 | Irán | 168' | persa | +16



Irán, outono do 2022. A universidade de Teherán vese sacudida polas revoltas ao berro de «muller, vida e liberdade». A profesión dun xuíz de instrución empeza a afectar á vida familiar: cando a súa pistola desaparece, só lle queda sospeitar das mulleres que o rodean.

Cannes 2024 (Premios Especial do Xurado, Premio FIPRESCI, Premio Xurado Ecuménico)

“Unha emocionante resposta ao brutal asañoamento contras as mulleres do réxime iraniano” El País

BABYGIRL

Halina Reijn

2024 | EUA | 114' | INGLÉS



Romy é unha alta executiva que inicia unha ardente aventura de sexo extremo co bolseiro da súa empresa, Samuel, ás costas do seu marido. Esta tórrida relación permitiralle atopar o camiño cara á súa liberdade sexual, a pesar do risco e os prexuízos.

Venecia 2024 (Copa Volpi para Nicole Kidman)

“Brillante, atrevida, arriscada e feminista ollada a todo o que ninguén quere afrontar dun tema tan central nas vidas coma o desexo” eldiario.es

24 XANEIRO

FLOW

Gints Zilbalodis

2024 | REPÚBLICA CHECA | 83' | TP



Un gato esperta nun mundo cuberto de auga, onde a raza humana parece ter desaparecido. Busca refuxio nun barco cun grupo doutros animais, onde todos terán que aprender a adaptarse neste novo mundo no que se atopan.

Annecy 2024 (4 Premios incluído o do Público)

“Se puidese pedir un desexo para o futuro da animación, estas imaxes serían o seu magnífico e impresionante comezo” Guillermo del Toro

THE BRUTALIST

Brady Corbet

2024 | EUA | 215' | INGLÉS



Fuxindo da Europa de posguerra, o visionario arquitecto László Toth chega a Estados Unidos para reconstruír a súa vida. Só e nun novo país totalmente descoñecido para el, László establécese en Pensilvania, onde o empresario Harrison Lee Van Buren reconece o seu talento para a arquitectura. Pero amasar poder e forxar un legado ten un prezo...

Venecia 2024 (León de Prata a Mellor Dirección)

“Unha obra mestra de dimensións colosais” El Mundo

31 XANEIRO

SEPTEMBER 5

Tim Fehlbaum

2024 | ALEMAÑA | 90' | ALEMÁN | +12



Durante os Xogos Olímpicos de Múnic de 1972, o equipo de xornalistas deportivos estadounidenses da ABC que cubrían os xogos víronse de súpeto obrigados a cubrir a crise dos reféns dos atletas israelís secuestrados por un grupo terrorista.

LACFA 2024 (Mellor Montaxe)

“Un docudrama absolutamente fascinante” ABC News

MEMORIAS DE UN CARACOL

Adam Elliot

2024 | AUSTRALIA | 94' | INGLÉS



Grace Pudel é unha solitaria nena afeccionada a coleccionar figuras de caracois e ás novelas románticas. A morte de seu pai lévaa a separarse do seu irmán xemelgo Gilbert. Porén, a súa vida muda para sempre cando coñece unha excéntrica anciá chea de determinación e amor pola vida chamada Pinky.

Anney 2024 (Mellor Longametraxe de Animación)

“O seu extravagante encanto engaiólame” The Hollywood Reporter

Off DUPLEX

PASE ÚNICO

MAR 21 ÁS 20:00

DAHOMEY

Mati Diop

2024 | SENEGAL | 67' | FRANCÉS | TP



É novembro de 2021 e 26 tesouros reais do Reino de Dahomey están a piques de abandonar París para regresar ao seu país de orixe, a actual República de Benín. Xunto con outros miles, estes obxectos foron saqueados polas tropas coloniais francesas en 1892. Que actitude adoptar ante a volta destas reliquias? O debate está aberto entre os estudantes de Abomey-Calavi.

Berlinale 2024 (Oso de Ouro a Mellor Filme)

“Unha lección de historia audaz e inesquecible” Indiewire

Tempada de Ópera

PASE ÚNICO

MÉR 15 ÁS 19:45

OS CONTOS DE HOFFMANN

Damiano Michieletto

2024 | REINO UNIDO | 245' CON DOUS INTERMEDIOS | FRANCÉS



Retrocedendo até a súa época de colexial, Hoffmann revive o seu amor de infancia con Olympia, unha estudante modelo en todos os sentidos. O amor aflito séguese até a idade adulta, na que de seguida perderá á bailarina Antonia. Pola súa parte, a sensual Giulietta ten un plan secreto. Mentres as lembranzas e a fantasía se confunden cada vez máis, conseguirá Hoffmann atopar á enigmática Stella antes de que sexa demasiado tarde?

DUPLEX Cinema

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol

info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

De LUNS a DOMINGO

De 17:00 a 22:00 | Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións serán en versión orixinal subtitulada, agás que se sinala o contrario.

Co financiamento de:



Facemos parte de:



ALMA EN CUBA

IVÁN "MELON" LEWIS / ARIEL BRÍNGUEZ

15 DE FEBREIRO | 20:30 H | TEATRO JOFRE





ENSAIO

ARTE DEXENERADA GALEGA

BLANCA PAULA RODRÍGUEZ GARABATOS | GALAXIA | 146 PÁX. | **16,90 €**

RESULTA CLAVE QUE CHEGUEN AO LECTOR MEDIO TRABALLOS QUE INDAGAN NA HISTORIA DE NOSO E CALIBREN A INMENZA APORTACIÓN DOS CREADORES GALEGOS NA PROCURA DUNHA PLÁSTICA MODERNA CON RAÍCES NO PAÍS.

Por iso comprácenos este traballo da profesora Blanca Rodríguez Garabatos que mereceu en 2023 o prestixioso premio Manuel Murguía de ensaio. Co irónico título de “Arte dexenerada galega. Catro exemplos fóra da España saudable” a autora define que é iso de arte dexenerada, concepto que os nazis aplicaban á arte de vangarda de comezos do século XX que non se axustaba a súa ignorancia. Isto aplícase á arte do franquismo, tan ben dirixida polo pope Eugenio D’Ors, e como dese estreito camiño saíronse varios creadores galegos nos antípodas da arte reaccionaria defendida polo réxime. Nesas andaban Maruja Mallo, Luís Seoane, Eugenio Granell e Manuel Colmeiro, todos eles exiliados, cun sentimento da terra e un coñecemento do que se facía na plástica mundial máis avanzada. Exemplos de estética e de ética democrática que a profesora Blanca Rodríguez transmite cun estilo áxil e inzado de información. Por iso é unha mágoa que a edición de Galaxia non inclúa imaxes das obras comentadas pola autora, carencia que de ser reparada melloraría moito un traballo xa de por si espléndido.

NOVELA

EN TERRA ALLEA

PEPE CARBALLUDE | EDITORIAL GALAXIA | 208 PÁX. | **15,20 €**

Con “En terra allea” o escritor estradense Pepe Carballude regresa a o territorio narrativo que coñece ben, a literatura infantoxuvenil. Só que agora expón temas de fondo calado social que sobardan as habituais propostas para os máis novos. Unha novela que fala das migracións, da explotación laboral, da traxedia cotiá da vivenda e os problemas derivados disto, o lado negativo pero tamén dun lado solidario. Carballude relata cunha prosa dinámica, con diálogos áxiles para aportar una ollada sensible a xente de futuro incerto nun mundo que necesita unha reforma.

POESÍA

DESAPARECER

PILAR GARCÍA REGO | EDITORIAL GALAXIA | 120 PÁX. | **14,50 €**

Xornalista cultural de longo percorrido na TVG (“Alalá”, “ZigZag”), Pilar García Rego é guionista audiovisual e como faceta menos coñecida está a da escrita poética, con catro volumes publicados. Este “Desaparecer” é o seu último traballo de variada complexidade formal, no que relata a dor, a enfermidade e a ausencia e paira ao longo dos seus poemas un fondo sentimento feminista e unha homenaxe á nai. Dividido en semanas, pero non dun xeito cronolóxico, domina en “Desaparecer” un sentido existencial, unha dolorosa busca da auténtica razón de vivir.

DELICIAS SONORAS

**AILÁ TRADIMENSIONAL**

“Tradimensional” é o terceiro traballo musical de Ailá presentado hai apenas unhas semanas. Con cambios na formación e a incorporación da ferrolá Manu Fraguela á zanfona, o cuarteto complétase con Ángela Carou voz e pandeireta, Xan Pampín ao acordeón e bombo e Manuele Pardo ás voces, pandeireta e percusión. Son un total de dez cancións con arranxos de Ailá, que engaden letras propias a pezas tradicionais e conforman un disco que tanto funciona para escoitar a nosa música de raíz como para participar, xa que os temas convidan ao exercicio do baile tradicional. Dalgún xeito é toda unha homenaxe a tantas formacións que mantiveron vivo o patrimonio musical do país. Nas dez pezas do disco colaboran formacións como Cantigas e agarimos, Ultreia, Xan Ferrás, Os Carecos, Cántigas e Frores, Andrés Pérez ou Nikolay Velikov entre outros artistas. Temas como “Muiñeira das nosas festas”, “Para bailar a mazurka”, “Pasodobre de Brañas Verdes” ou a “Xota de San Salvador” conforman este disco animado e cheo de vida que sabe apostar polo noso patrimonio musical tradicional.

**QUINCALLA MORIR DORMIDO**

Poderoso debut da banda vallecana Quincalla. O cuarteto madrileño vén de editar hai unhas semanas este traballo intenso que leva por título “Morir dormido”, un heteroxéneo catálogo con dez pezas nas que mesturan unha especie de rock urbano de finais dos anos 70 con estética “cañí” cun inesperado arrecendo psicodélico que os afasta de modelos anteriores da súa propia cidade (Leño, Topo, etc.). Neste sentido a peza máis inspirada do disco sería a arrebatadora “No sé por qué te quiero” que xunta as referencias anteriores nunha canción que debería ser un clásico. Nunha liña máis contundente figuran a peza que abre o disco, “Morir dormido”, que fala de xoguetes rotos, e “Tal vez”, “Concierto” ou “La Bajona” cun toque de “psychobilly”, aínda que a segunda parte do disco sexa máis pop con “Si te vas” ou “No parecen”, que trata o tema da loita social por ver quen ten razón, tan dos noso días. Accesible en plataformas dixitais a versión en vinilo branco é tan fermosa como cara. Cousas do regreso dos vinilos, seica.

**THE COWSILLS GLOBAL**

The Cowsills foi un grupo familiar de adolescentes de finais dos anos 60 de comezos dos 70, tremendamente famosos nos Estados Unidos ata o punto de inspirar unha popular serie de TV aquí emitida na época, The Partridge Family. A banda, na que cantaban media ducia de irmáns... a propia nai! tiveron éxitos entre os que salienta “The rain, the park & other things”, sunshine pop do que levanta o espírito. A banda separouse en 1972 logo de varios discos, pero dado que todos os irmáns se dedicaron á música era fácil que se volvesen a xuntar ao longo dos anos. Así en 1998 editan o disco con 11 pezas “Global”, que agora ve unha reedición con tres cancións máis. O traballo é unha marabilla de power pop melódico ao estilo que vai da Dwight Twilley Band ás Bangles, que colaboran no disco, así como xente de The Knack ou The Doobie Brothers, e cunhas harmonías vocais impresionantes como só poden facer bandas formadas por irmáns. Cortes brillantes como “Is it any wonder?”, “What about love?” ou “Under the gun” entre outros amosan un talento merecente dun recoñecemento e respecto máis elevado cara os Cowsills.

Pintura

SIMULTÁNEA: O OBXECTO CONTEMPORÁNEO E DOMÉSTICO

ATA O 01/03/25

AFUNDACIÓN (FERROL)



DE LUNS A VENRES: 17.00 A 20.00 H. SÁBADOS: DE 11.00 A 14.00 HORAS. E DE 17.00 A 19.00 HORAS. DOMINGOS PECHADO

Co gallo de cumprir 10 anos de traxectoria, Afundación presenta exposicións simultáneas nas sete cidades galegas. Na sede de Ferrol, exploran como nunca antes a Colección de Arte Afundación nun minucioso traballo baixo o título “O obxecto contemporáneo e doméstico”, que analiza o eido íntimo e familiar do ser humano, parándose na vida diaria e a intimidade a través de elementos cotiáns. O obxecto foi o protagonista do xénero do bodegón, e nesta exposición abórdase o obxecto desde unha perspectiva contemporánea —todas as obras pertencen aos séculos XX e XXI—. O doméstico non é só un espazo físico, senón un conxunto de relacións, funcións e desexos que habitan nos fogares e definen os seus habitantes, e de aí que algúns artistas recorran a el para representar as súas experiencias persoais.

Unha nómina de corenta e nove artistas, entre eles, Luís Seoane, Caruncho, Tino Grandío, Alfonso Abelenda, Carlos Maside, Xaime Quesada e os ferroláns e Segura Torrella, Jorge Llorca e Loureiro.

As pezas de Carlos Maside, Luís Seoane ou Rafael Alonso son arquetipos do bodegón clásico pola súa harmoniosa disposición dos elementos dentro da composición. Ao tempo, fan uso de distintos recursos formais que transitan desde o realismo ata os limiares da abstracción. A natureza entendida como representación da beleza do efémero permite os artistas conxelar o tempo coas súas pinceladas, captar a súa exuberancia e fraxilidade, e reflexionar con iso sobre a fugacidade e o paso da vida. Esta dualidade entre a vida e a morte faise evidente nos bodegóns, onde a flora é atrapada e amosada como unha celebración da abundancia, pero, á súa vez, é o reflexo da constante transformación do mundo que nos rodea.

Pintura

NON NOS ESCOITARÁN CANTAR

ATA O 29/01/25

SARAO STUDIO (FERROL)

DE LUNS A XOVES: 10.00 A 18.00 H. VENRES: 12.00 H A 20.00 H. SÁBADOS: DE 10.00 A 14.00 HORAS. DOMINGOS PECHADO

Rebeca Lar ofrece diferentes achegamentos á memoria histórica, convidándonos a reflexionar sobre os feitos ocorridos durante a guerra civil e a ditadura na nosa comunidade e poñendo en valor o papel das mulleres como custodios da memoria.



XANEIRO

03venres

MÚSICA

00.30 h Sala La Room. Ferrol.

LA VEPE DJ

04sábado

MÚSICA

00.30 h Sala La Room. Ferrol.

DJ CAPI SMUT

10venres

TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

LAS BODAS DEL FIGARO



11sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

LAS BODAS DEL FIGARO

12domingo

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

UN TRAJE NUEVO PARA EL EMPERADOR



17venres

MONÓLOGO

20.30 h Auditorio. Ferrol.

LAGO COMEDY CLUB



TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

SOMOS CRIMINAIS E PUNTO (FINAL)

18sábado

TEATRO

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

SOMOS CRIMINAIS E PUNTO (FINAL)



TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

SOMOS CRIMINAIS E PUNTO (FINAL)

19domingo

TEATRO

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

SOMOS CRIMINAIS E PUNTO (FINAL)

25sábado

TEATRO

19.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

MEIXEVERSO



MÚSICA

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

OS DO FONDO DA BARRA




26domingo

TEATRO

19.00 h Pazo da Cultura. Narón.

LAS ASAMBLEISTAS (LAS QUE TROPIEZAN)



31venres

TEATRO MUSICAL

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

AS FILLAS BRAVAS DE MOMÁN

Nº 199
ANO XVIII

EDITA:

ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

f @Aí

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN Y COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción

